

PROGRAMA

Dinamización de resultados de investigación en Ciencias Sociais e Humanidades



Deseño: Área de Imaxe. Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

Inscripcións
Ata o 4 de xullo de 2022

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/9664



PROGRAMA

Dinamización de resultados de investigación
en Ciencias Sociais e Humanidades



Inscripcións
Ata o 4 de xullo de 2022

Universidade de Vigo

Oficina de I+D

A Oficina de I+D organiza un programa de dinamización que busca apoiar e acompañar ao noso persoal investigador das áreas sociais e humanísticas no proceso de definición e valorización das súas capacidades e resultados de investigación para achegalos ao mercado. A través de dúas xornadas presenciais e un acompañamento personalizado, os grupos de investigación poderán coñecer os itinerarios de transferencia orientados ás súas áreas e as ferramentas de apoio á explotación do coñecemento, para finalmente deseñar unha oferta comercial de I+D+i do seu grupo.

Obxectivos

- Achegar os grupos de investigación das áreas sociais e humanísticas á función de transferencia
- Afondar nas vías de explotación dos resultados e capacidades nestas áreas
- Identificar resultados de investigación con potencial de transferencia
- Dotar os grupos de ferramentas comerciais, que faciliten a explotación dos seus resultados e capacidades

Destinatarios

Comunidade investigadora e xestora pertencente a grupos e centros da Universidade de Vigo do ámbito das Ciencias Sociais e Humanas (CSH).

Ofreceráse servizo de transporte desde os outros campus para o persoal investigador/xestor que asista ás xornadas.

Programa

Xoves 7 de xullo

Salón de graos do edificio Facultades, 4.º andar. Campus de Ourense

A transferencia das Ciencias Sociais e Humanas. Fundamentos prácticos e experiencias

- 10.30 h** Inauguración da xornada
Vicerreitora de Investigación e Transferencia e vicerreitora do Campus de Ourense
- 10.35 h** Apoio da Oficina da I+D nos procesos de transferencia nas CSH e presentación do itinerario de traballo
Ángeles López. Directora Técnica da Oficina de I+D
- 10.45 h** Como valorizamos un coñecemento? Cal é a forma de transferencia máis axeitada para os meus resultados e capacidades?
Nuria Fernández e Eloy López. Un-Em
- 11.45 h** Pausa café
- 12.00 h** Como podemos enfocarnos ao mercado. Que é unha oferta comercial? Ferramentas e exemplos para facer unha carteira de servizos de I+D
Nuria Fernández e Eloy López. Un-Em
- 12.45 h** Experiencias de transferencia en CSH na Universidade de Vigo
 - Adolfo Fernández. Grupo de estudos de arqueoloxía, antigüidade e territorio
 - Beatriz Legerén. Videoxogos, narrativa, persuasión e creatividade
 - María José Bravo Bosch. Área de dereito romano
 - Pablo Cabanelas. Organización do coñecemento
 - Pablo Romero. Galician Observatory for Media Accessibility
- 13:30 h** Peche

Do 8 ao 19 de xullo

Programa de titorización. En liña.

Acompañamento personalizado por parte de persoal experto no proceso de creación dunha oferta comercial e no desenvolvemento dunha carteira de servizos ou produtos atractivos para a súa transferencia. Este traballo de valorización articularase a través de reunións e sesións a distancia entre os/as mentores/as e o grupo de investigación. Ao final deste proceso, cada grupo debería contar cunha oferta de capacidades ou resultados e unha presentación comercial.

Mércores 20 de xullo

Xornada de presentación de ofertas comerciais

Casa das Campás. Campus de Pontevedra

- 10.30 h** Benvida
Vicerreitora de Investigación e Transferencia e vicerreitora do Campus de Pontevedra
- 10.45 h** *Pitch* de presentación das ofertas comerciais
5 minutos por grupo de investigación
- 12.00 h** Intercambio de experiencias e dúbidas no proceso
- 12.30 h** Vías de comercialización e explotación dos resultados de investigación en CSH
Nuria Fernández e Eloy López. Un-Em
- 13.00 h** Peche da xornada